

REMESA DE ENQUISA A CADA TRABALLADOR SOBRE OS ASPECTOS PREVENTIVOS DO SEU POSTO DE TRABALLO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Durante o presente mes de xaneiro esta universidade iniciará o proceso de avaliación dos seus riscos laborais, trátase dun traballo especializado e profesionalizado que ten como obxectivo a obtención da información necesaria para que a universidade poida planificar e adoptar a acción preventiva necesaria.

Esta avaliación dos riscos será realizada por técnicos en prevención de riscos laborais integrantes da Mutua Fremap, de acordo co procedemento establecido no artigo 5 do Regulamento dos Servizos de Prevención (RD 39/1997) tendo en conta, como consecuencia, a información recibida dos traballadores sobre aqueles aspectos que poidan afectar ás condicións de seguridade e saúde do seu centro.

Como paso previo ás visitas de inspección, enviámoslles unha enquisa sobre aspectos preventivos con incidencia nos diferentes postos de traballo co obxectivo de elaborar un mapa da situación, esta información completárase coa recollida por cada técnico no seu traballo de campo.

Resulta de grande importancia a participación dos traballadores no proceso de avaliación, ao facilitar en principio a información ao seu alcance sobre os diferentes riscos do posto ou centro de traballo e, ao mesmo tempo, proporcionar opinións que poden resultar valiosas para a mellora das condicións de traballo. Refórzanse, deste modo, os obxectivos de responsabilidade, cooperación e participación que inspiran a Lei de prevención de riscos laborais.

Con respecto ao seu contido cabe dicir que se basea no consenso entre diversos sectores relacionados coa prevención dos riscos laborais no ámbito estatal, con respecto ao noso ámbito universitario foi presentada, sen existir alegacións, ao Comité de Seguridade e Saúde da UDC na súa sesión plenaria de data 19 de novembro de 2002. Pode darse a circunstancia de que algún dos seus apartados non estea relacionado cos riscos dun determinado centro de traballo, neste caso non deben considerarse.

A enquisa é anónima e de carácter voluntario, só resultan imprescindibles os datos indicados na cabeceira: centro, dependencia/sección e posto de traballo, sen embargo, de modo potestativo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

pode facilitarse a identificación persoal do traballador ou traballadores para propiciar a colaboración. Pode resultar interesante a elaboración conxunta da enquisa por cada grupo de traballadores que ocupen un mesmo posto de traballo.

Os técnicos de prevención de riscos laborais da UDC e os da entidade concertada como servizo de prevención alleo FREMAP agradecen a súa participación e colaboración responsable.